

R G T

Revista Galega de Teatro Verán 2004 Número 39

TEXTOS / XXXVI



“AZOJEA”

de
Vanessa Martínez Sotelo

VANESA MARTÍNEZ SOTELO fai parte dun grupo de autoras e autores moi novos que entran no mundo do teatro pola man da actividade dramática nos Institutos ou na Universidade.

En efecto, Vanesa, (Cangas 1981) comeza a súa experiencia teatral como actriz na Aula de Teatro da Universidade de Compostela no curso 1999/2000 e continúa ata a actualidade na mesma Aula ou nos Grupos da Université de Rennes II, da Asso. Amphi-Théâtre e en Teatro do Aramio. Precisamente con este último Grupo estrea, no ano 2003, a obra AZOTEA, que publicamos neste número.

Compaxina estas experiencias coa súa carreira de xornalismo e con traballos en xornais e colaboracións en revistas teatrais (RGT e Primeiro Acto)

Precisamente soubemos de Vanesa hai xa algúns anos, a través do seu traballo crítico no xornal FARO DE VIGO, no que cubría a actividade das Mostras Internacionais de Teatro Cómico de Cangas. E a fe que nos chamou a atención dende o principio o agarimo e o rigor que poñía no seu traballo, o fondo coñecemento do seu oficio e do Teatro que deixaba reflectir nas súas crónicas e a madurez das mesmas, o que xustifica sobradamente o noso asombro cando nos atopamos fisicamente diante dunha moza de vinte e poucos anos.

O mesmo nos ocorre con este seu primeiro texto, AZOTEA: que nos sentimos diante dunha obra fonda, posiblemente sen respostas mais con moitísimas preguntas, con personaxes que agardan... por nada nin por ninguén; cunha homenaxe explícita a Hölderling, a Sábato, á Poesía... e cunha sentida reverencia á palabra, ao sentimento, a Beckett... a “Godot”.

Nós agardamos por Vanesa.

Xosé Manuel Pazos Varela

AZOTEA
Vanesa Martínez Sotelo

Este texto foi estreado o 27 de maio de 2003 na sala Nasa, por Teatro do Aramio, baixo a dirección de Cecilia Carballido, co seguinte reparto:

UN..... *Fernando Moreira*

DOUS..... *Xulia Gómez*

OUTRA..... *Vanesa Sotelo.*

(A escea encádrase nunha azotea. Non hai nada que caracterice nada, aínda que esa sea xa unha boa caracterización. Dous homes fuman en silencio mentres agardan a última posta de sol. Un aparece de pé sobre unha cadeira plegable. Dous permanece sentado)

UN.- ¿Que tal estará a mousse de chocolate?

DOUS.- Non sei, supoño que será como o chocolate á taza.

UN.- Gústame o chocolate á taza. Gústanme as fotos en branco e negro. E os fumadores. Gústanme os fumadores que aparecen nas fotos en branco e negro. Dende sempre, creo que é cuestión familiar.

DOUS.- A min gústame subir aquí, acender un destes cigarros belgas e determe...

UN.- Veño dunha familia de suxeitos canceríxenos por mor do tabaco. Agora teño unha azucreira.

DOUS.- E determe a pensar. Aínda que esteamos metidos nun tempo no que ata soñar teña fins lucrativos.

UN.- O meu bisavó morreu cun puro na boca; afogou de tanto rir mentres lle contaban unha historia estúpida. Lembro que pensei: ¡que historia tan estúpida! Así que morreu estupidamente . As miñas avoas foron atropeladas por un fumador compulsivo nun ataque de ansiedade; as dúas a un tempo. E a meu pai tiveron que cortarlle o beizo superior e a lingua, por cabrón.

DOUS.- Non o imaxino...Non poder falar, só oír.

UN.- Non foi para tanto. Ademais...non durou moito.(Pausa) E agora teño unha azucreira arruinada. Tiraríame, ¿sabes? Pero iso sería moi fácil.

DOUS.- É o que ten o suicidio.

(Silencio)

DOUS.- Creo que deberíamos deixar de ler a Sábado.

UN.- Ou de meternos en túneles. *(Pausa)*. Non quero ter unha morte estúpida.

DOUS.- Daquela non te tires.

UN.- ¿E morrer de vello? Prefiro elixir o día. Que sexa un, un día concreto, un día apetecible. Nada de mortes estúpidas ou repentinas.

DOUS.- Eu tampouco soportaría a incertidume. Teño medo a quedar só, pechado na ducha, a permanecer calado, a quedar sen almorzo, sen comida, sen bebida, a quedar sen día, sen noite.

UN.- Sen postre.

DOUS.- Estou ausente cada dous minutos, máis lonxe do que me atrevo a pensar. Durante a noite non deixo de percorrer esas rúas, as mesmas cada noite. O meu turno comeza ás doce. Comezo na praza, subo polo mercado e remato no porto. E ó final, aparezo ó principio da mañá limpando os últimos colectores de lixo. E non sabes o triste que é a mañá no porto, con todos eses homes e mulleres iniciando novos finais. E ahí aparecen todos, e todos son coma min, e eu son un reflexo, un vulto flotando nese deserto urbano. Xa sei que a miña tristeza non é digna de ser mencionada, nin pronunciada. Unicamente debe ser tragada na ducha, no almorzo, na noite, en silencio.

UN.- Hai tempo que non me ducho.

DOUS.- Nin eu.

(Silencio)

DOUS.- ¿Que ves?

UN.- O vacío.

DOUS.- ¿O vacío?

UN.- Si. Para calibrar se teño valor.

DOUS.- Todos temos un prezo, aínda que sexa mínimo.

UN.- Realmente creo que non me atrevería.

DOUS.- Déixate de valoracións sen fondo. Mira, ahí van todas as palabras que podes pronunciar e as que pensas. Escoita o meu eco. O eco do eco do meu eco escoita

na sordeira do universo mudo que pronuncio en cada palabra falsa. A invención do silencio, a espera da ruina.

UN.- Non penso volver baixar.

DOUS.- Se te tiras, terás baixado.

UN.- Daquela non me tirarei.

DOUS.- Algún día terás que facelo.

UN.- ¿Tirarme?

DOUS.- Baixar. Algún día terás que baixar, coma min. É sempre o mesmo proceso.

UN.- Un bo engano. *(Pausa)* Teño este billete de tren.

DOUS.- ¿Cómo o conseguiches?

UN.- Regálanos con eses xornais atrasados que traes. Por fin serven para algo.

DOUS.- Son de antonte. Xa sabes como vai isto.

UN.- Si, con retraso.

DOUS.- Pois tés sorte de que non os garden ou os tiren. *(Pausa)*. ¿Que destino ten o billete?

UN.- Bruxelas.

DOUS.- ¿En serio? Bruxelas foi fantástico. Poderíamos voltar.

UN.- Non quero voltar a Bruxelas. Ademais, só teño un billete de tren.

DOUS.- Se foses a Bruxelas poderías pedir mousse de chocolate para o postre.

UN.- Non vou ir a Bruxelas.

DOUS.- Fan un bo chocolate en Bruxelas.

UN.- Xa sei que fan un bo chocolate en Bruxelas. Pero non vou deixar esta azotea para ir a Bruxelas a comer chocolate.

DOUS.- Non me negarás que fan un chocolate acolloante en Bruxelas.

UN.- Non teño a máis mínima intención de volver pisar Bruxelas.

DOUS.- Pois non sei que pode ter de malo Bruxelas. Se non téis onde ir deberías regresar alí. En serio. Bruxelas é unha boa excusa para baixar. Ademais, e xa cho veño dicindo, fan un gran chocolate. *(Pausa)*. Estivo ben Bruxelas, ¿eh?

UN.- Non me lembro moi ben.

DOUS.- ¿Como podes dicir que non te lembrás?

UN.- Non sei. Lémbroa borrosa. Estaba nubrado

DOUS.- É certo, agora que o comentas, eu tampouco me lembro ben. En fin, no metro pouco importaba.

UN.- Lembro aquel porco violinista.

DOUS.- É certo. ¿Como desafinaba! *(Pausa)* ¿Por que non o intentas?

UN.- Porque non quero volver baixar. *(Pausa)*. ¿Por que non facemos unha cousa? ¿Por que non marchas tí a Bruxelas?

DOUS.- ¿Estás tolo? Eu non quero ir a Bruxelas.

(Entra outra)

OUTRA.- ¡Merda, merda, merda! ¡Cinco veces merda! ¿Vistes a miña silla pregable? Creo que perdín a miña silla pregable.

DOUS.- Deixaríala por calquera lado, como fas con todo. O outro día tiñas o brazo dereito dentro dese bolso.

UN.- E menuda lea montaches por nada. Eu aínda ando cabreado contigo.

OUTRA.- ¿Está dicindo que son unha puta desordenada e que teño a silla pregable metida no bolso? Non sexas estúpido, aínda pregánda a miña silla pregable non entra no maldito bolso.

UN.- Creo que estás sacando as cousas de contexto.

OUTRA.- Eu non saco nada de contexto. Na miña vida descontextualicei nada. ¡Merda! Non podo marchar así. Necesito a miña cadeira para dar os discursos. ¡Merda! ¡Ostia! ¡Ostia! ¡Ostia! Xa debe ser un problema de memoria. ¡Nunca pensei que fose perder a memoria tan nova! Aínda teño que acumular unha morea de lembranzas.

UN.- Non sexas imbécil, es moi nova para perder a memoria.

OUTRA.- Por iso digo que debe ser un problema.

DOUS.- A cuestión sempre é perder algo. Ademais, sempre o podes tomar polo lado positivo e mercar unha nova. Aquela cadeira xa ía vella, calquera día poderías romper a cabeza.

UN.- Así que non nos veñas a amargar a posta de sol.

OUTRA.- ¿Hoxe hai posta de sol? Hai cinco días que non vexo unha posta de sol.

DOUS.- Pois hoxe temos posta de sol. Aínda que vaia ser a última que vexamos os tres dende aquí.

UN.- Xa che dixen que non penso ir a Bruxelas. E se fose daríame igual deixar esta azotea. Ultimamente xa non ten gracia ver a posta de sol con eses dous edificios diante. Son horribles. Non sei cómo a xente pode vivir ahí dentro.

DOUS.- Cutre minimalismo. ¡Valente merda! E todo ahí abaixo estase volvendo igual, ¿sabedes? Estamos rodeados.

UN.- ¡Joder! Síntoo, pero creo que estou comezando a sufrir un dos meus ataques de superioridade. Joder, ¡xa sabes que me rebenta que fagas iso, joder! Joder, os críticos non tedes dereito a falar de merda. Estadese cheos de incompetencia, joder. Se eu fose bo en algo, joder; se crese en canto fago, non me querría adicar á crítica nin tolo. Joder, sodes unha puta mosca tocapelotas impondo obstáculos, joder. Joder, ¿observácheste algunha vez? Mírate: un tipo de trinta anos lendo a Hölderlin mentres percorre a cidade agarrado a un camión de lixo. ¿Daste de conta? Recollendo lixo e falando de merda.

DOUS.- É unha mágoa o teu. Un azucreiro arruinado e alcohólico a piques de suicidarse, con ataques de superioridade.

(Silencio)

UN.- *(A Outra)* Oe, ¿a ti gústache a mousse de chocolate?

OUTRA.- Non soporto o chocolate. *(Pausa)* Pero se queres probar un bo chocolate deberías ir a Bruxelas.

UN.- Xa probei o maldito chocolate de Bruxelas.

OUTRA.- ¿Estiveches en Bruxelas?

UN.- Si.

DOUS.- É certo. ¡Como desafinaba aquel porco violinista!

UN.- Se algunha vez volto a Bruxelas espero non volver atopalo diante miña.

DOUS.- Poderías voltar. Tes un billete de tren.

OUTRA.- ¿Tes un billete de tren para Bruxelas?

UN.- Non penso ir.

OUTRA.- Eu gardo uns recordos fantásticos de Bruxelas. Pasear pola Grand Place, con aquel vento frío na cara; contemplar á xente pasando dende as enormes fiestras daquel hotel na Rue Epperoniers; comprar roupa nos comercios de segunda man... Adoraba aquelas rúas, paraba nunha esquina calquera, subía á miña cadeira pregable e berraba e berraba os meus conceptos recén pensados con toda aquela xente concentrada ó meu redor. É o que tén a xente de Bruxelas: que sabe escoitar. Daquela eu aínda tiña a miña cadeira pregable.

DOUS.- Se queres podes coller a miña silla.

UN.- E pensa en silencio. Estou farto de oirte.

OUTRA.- ¿Que faciades en Bruxelas?

UN.- Cobrabamos.

OUTRA.- ¿Cobrabades?

UN.- Corenta céntimos por usar os lavabos.

DOUS.- Ás veces eu vendía algún poema á saída do metro.

UN.- Os lavabos estaban á saída do metro.

DOUS.- E aquel porco violinista que mexaba por fóra. E tiña que limpar a taza do wáter coa miña poesía.

OUTRA.- Daría o que fose por regresar a Bruxelas. Levo aquí case toda a vida, preparando discursos que ninguén oe nin escoita.

UN.- Toma o billete. Viña co xornal.

(Silencio)

UN.- Dende logo, as postas de sol xa non son o que eran.

(Noite. Un e dous rematan os seus cigarros en silencio mentres outra aparece inmóbil no fondo)

UN.- É fermosa a miseria da noite.

DOUS.- Sobre todo se hai alguén que a escoite.

UN.- ¿Por que sempre temos que falar en verso?

DOUS.- Nós non falamos en verso, nin recitamos sequera; como excepción algún hipérbato facemos.

UN.- ¿Nada de pareados?

DOUS.- Nin anacolutos.

UN.- Cuestión de guión.

DOUS.- Cuestión de ritmo.

UN.- Paralelismo sintáctico, ¿non é?

DOUS.- Pode ser. De tódolos xeitos eu non creo nos recursos. Eu adoro o versolibrismo e ademais, na poesía contemporánea todo vale, ¿non cres?

UN.- Eu non entendo de liñas paralelas.

DOUS.- E unha cousa máis che digo. Se non a todo o que se proxecta nunha pantalla de cine se lle pode chamar cine, non todo o que apareza nun libro de poesía ten que ser patético, ¿non pensas coma min?

UN.- Pensar é unha actividade mortal.

OUTRA.- Eu nacín mortal, pero a miña alma prometeuse a inmortalidade.

DOUS.- (*Irritado*) Odio que me recites a Hölderlin tan perto da orella.

OUTRA.- Pensei que che encantaba Hölderlin.

DOUS.- Odio a Hölderlin. Cuestión de comodidade, supoño. No camiión sempre vou lendo, pero como entre colector e colector non hai moito traxecto sempre me quedan as cousas a medias.

UN.- Eu odio as cousas a medias. Non soporto as metades. Intranquilízanme.

DOUS.- A min oócórreme o mesmo. Por iso me afeccionei á poesía. Un poema dame tempo a lelo entre que baleiramos un colector de lixo e imos por outro. Pero Hölderlin non, é moi longo.

OUTRA.- (*Molesta*) Nunca me gustaron este tipo de principios.

DOUS.- ¿Que tipo de principios?

OUTRA.- Os que rematan mal.

DOUS.- Nada vai rematar mal. O que pasa é que sabes que me molesta que me recites a Hölderlin.

OUTRA.- E ti que non me gusta que fales de mortalidade. Sabes perfectamente que a mortalidade é a miña afirmación. É canto teño. Non falo doutra cousa. Non pido máis que soedade e mortalidade, e espacio para falar delas libremente. Pero vós empenástesvos en subir aquí e amargar a miña inmortal existencia. ¿Precisabas inspiración? ¿Precisabas fuxir dese deserto? ¿Precisabas finxir? Seguro que é canto sabes facer: recoller lixo, finxir e mercar decadentismo. *(Pausa)* Esa era a única frase que lembraba de Hölderlin. Houbo un tempo no que acostumaba ler ós románticos alemáns antes de cada posta de sol.

(Silencio)

UN.- Xa case non teño fame.

DOUS.- Falar quítame as ganas de comer.

OUTRA.- Comer quítame as ganas de falar.

UN.- Non sei canto tempo podo aguantar aquí.

OUTRA.- Un día, dous, tres, toda a vida... Aínda queda moito para a posta de sol.

DOUS.- E a sinécdoque segue sendo un recurso inútil. Como falar de poesía, como recoller lixo no medio da noite, ou agardar imposicións de sol. Non imaxinades a cantidade de mulleres que aparecen sentadas nos pasos de peóns polas mañás abandonadas na case sombra; agardan alí, nas aceras entre os vellos peóns que cargan con vellos electrodomésticos. Pasas pola rúa e ahí están os gatos apodrecendo ó sol. Volves pasar e ahí seguen arrasados os mesmos gatos apodrecendo baixo o mesmo sol. Pero supoño que o simbolismo xa pertence a outro tempo. *(Silencio)*

(Media tarde. O sol queima duro os corpos brandos de un, dous e outra mentres dormen. Dormen de pé entre un insoportable son de máquinas. De súpeto un silencio abisal que os tumba no chan. Espertan)

UN.- ¿Tes papel?

DOUS.- Non, o último gasteino escribindo uns versos.

UN.- Refírome a papel de fumar.

DOUS.- Eu tamén. Non se pode deixar pasar a inspiración. Ultimamente intereseime polo neoconcretismo, ¿sabías?

UN.- Debes concretar moito.

DOUS.- Dende logo. ¿Léoches un?

UN.- Non.

- DOUS.-** Está ben:
A luz existe a dez metros.
Os soños inundan como mares
E asulagan cada unha das cavidades.
Ocos.
Soedade renal fuxindo polos uréteres
Cara algún baño que a leve ó mar.
Volver tragar soedade onírica, estrepitosa.
Candado anal.
- UN.-** Gústame fumar antes de cada posta de sol. ¿Déixasme un poema para liar o meu tabaco?
- DOUS.-** Non.
- UN.-** Esta podería ser a miña definitiva posta de sol. Necesito fumar o meu definitivo cigarro en potencia.
- DOUS.-** Potencialmente estarías fumando a miña marabillosa obra póstuma. Esfumaría-se co teu fume. Supoño que non estarás disposto a ter ese cargo sobre a túa conciencia.
- (Silencio)*
- UN.-** Joder... ¡Estiven pensando!
- DOUS.-** *(Paladeando o exquisito sabor do seu cigarro)* Actividade mortal.
- UN.-** Non empeces ti... *(Pausa)* ¿Qué me dis do sorbete de limón?
- DOUS.-** Supoño que será como a mousse de limón.
- UN.-** Nunca probei a mousse de limón.
- DOUS.-** ¡Mágoa! ¡Pois mellor pensa no chocolate á taza!
- OUTRA.-** Dóenme as amígdalas.
- UN.-** Non penses que che doen.
- DOUS.-** Están colocadas ahí para non pensar. A dor é o mellor para esquecer os pensamentos.
- OUTRA.-** Pois eu non podo deixar de pensar mentres estou aquí, de pé. Imaxino os peiraos baleiros, coa auga voltando á súa partida. Aqueles peiraos ós que ía contemplar a posta de sol ó final de cada tarde. Imaxino que existiron millóns de árbores mentres os homes se talaban uns a outros. Pero falar non é importante, nen sequera a choiva é importante. Nada ten importancia na mentira. Imaxino que somos mentira mentres estamos aquí, parados, facendo círculos cos pés, sen cartos, sen destino. Pero esta mentira é falsa. Tamén as palabras e os pensamentos.

Non te busques fóra. Non entres. Non esperes que a choiva sue as bágoas que precisas chorar. Fuxe. Non te busques. Nunca. Revivimos a morte mil veces e aínda tememos que un día nos atope querendo dar o definitivo paso adiante. E ese paso é falso. Un definitivo paso falso, en falso. ¿Qué vos parece o meu discurso? É para cando vaimos a Bruxelas. Xa sei que estou algo afónica, e que aínda o teño que traducir e pulilo un pouco. Non sei qué opinaredes vós, pero creo que podo dicir que teño un bo discurso.

UN.- Eu teño, di. E esquece o resto da súa pobreza.

DOUS.- Calade. Acabamos de perder a posta de sol.

(A néboa devorou a azotea. Unha néboa branca e espesa. É media tarde, a metade da tarde)

UN.- É magnífico, ¿verdade?

DOUS.- Si.

UN.- Encántame.

DOUS.- Dende logo. Pero deprímeme moito o momento posterior.

UN.- Por exemplo: é estupendo ir vendo como a néboa vai engulindo todos eses edificios adosados. De súpeto son divididos, separados e introducidos por fin na súa individualidade. Fainos reais. E un mesmo se sente ameazado. E trata de manter a súa riqueza de pé, firme, contemplando esa néboa que se estende e nos veu devorar.

OUTRA.- Tal vez vós poidades vivir dentro da néboa, pero a min abonda con ser parte da sombra.

DOUS.- Eu prefiro os días de choiva. A choiva sempre nos reduce á nosa miseria. Fainos baixar a cabeza para evitar que nos afogue a mirada.

UN.- ¡Menudo poeta!

DOUS.- Gústame que recoñezas a miña valía.

UN.- Aínda que se reduza a esta azotea.

DOUS.- Ou ós baños do metro.

OUTRA.- ¿Queredes a metade da mazá?

UN.- ¡Sabes moi ben que as metades me intranquilizan!

DOUS.- Dende logo é unha mágoa que non nos interesamos polo teatro.

OUTRA.- Teriades sido bos actores.

UN.- ¿Sen papel para fumar?

DOUS.- Finxir, durmir, morrer...

OUTRA.- ¡Soñar! ¡Non máis!

UN.- E cambiar de postura, claro.

DOUS.- ¡Soñar! Fermoso espellismo para nós, que somos imaxes perdidas, esquecidas nunha azotea calquera, dentro dun mundo de azoteas que aparece cravado no medio dunha galaxia azoteica xurdida no centro casual dun universo de milleiros de azoteas inventadas por un tolo nunha azotea calquera.

UN.- Estás mal do tellado.

DOUS.- Os delirios de media noite son maravillosos. ¿Ti non téis ningún?

UN.- Eu non soño. Hai moito tempo dende que non durmo. Non me gusta soñar esperto.

DOUS.- Todos temos aspiracións.

UN.- Eu quero esquecer. Por iso subín aquí arriba. Agora que xa o logrei quero comezar de novo, pero non sei como baixar, nin onde ir.

OUTRA.- É o que ten o olvido. ¿Que che fixo pensar que aquí poderías atopar unha solución?

UN.- ¿Teño que contestar a iso?

OUTRA.- Sempre pensei que é algo verdadeiramente complicado atopar a alguén que che proporcione a verdade que precisas. É moi doloroso que che realicen unha pregunta e non ter valor para contestala. ¿Non vos parece? Ese foi sempre o meu problema. Non falo de non ter as respostas, non. Refírome á miña cara. Eu sei que teño unha cara agradable, un rostro que inspira confianza, o que se di: unha face amable. Pero o meu problema é que eu non son sociable, non quero selo. Odio pensar que teño cara de sabelo todo ou de que quero que falen comigo porque iso significa que teño un rostro supurante de espellismos. ¡Que duro! É moi duro pensar que un sente a cara por espellismo ou que ten un espellismo por cara e que cada día pretende obter un reflexo fiel no vidro opaco ubicado sobre o lavabo desa azotea na que o pariron. ¿Cómo falar de preguntas e respostas se nen sequera temos unha cara de verdade para recoñecernos nos espellos? *(Pausa)* ¡Merda, merda, merda! ¡Merda oito veces! Hai tempo que non leo a Sábado. Estou comezando a fartarme deste túnel.

DOUS.- Soñar, morrer, finxir, durmir... ¡non máis!

UN.- Para ser sincero, teño que dicirche que prefiro a música ó teatro. Dende sempre. O teatro intranquilízame porque sempre me deixa a medias. E sabes moi ben

que eu odio as metades. Coa música non teño problemas, creo que é unha cuestión de simpatías. En serio, os músicos cáenme mellor ca os actores. Non sopor- to esa superioridade coa que te observan dende o escenario.

DOUS.- É unha forma de velo.

UN.- Pasa que coa música, sobre todo coas pezas nas que soa o clarinete, os sentidos desbórdanme.

DOUS.- Nunca pesei que foras hipersensible.

UN.- Pois non o sei. Eu penso que é porque me fai lembrar a unha muller.

DOUS.- ¿Tiñas unha moza clarinetista?

UN.- Clarinetista baixa.

DOUS.- ¿Importa tanto a altura?

UN.- De timbre. Ben, en realidade non sei se o clarinete era baixo polo timbre ou polo ton. Pero do que si estou seguro é de que ela era clarinetista

DOUS.- Nunca me contaras nada.

UN.- Ía vela a tódolos seus concertos, máis de mil. Ela colocábase entre os clarinetes e as tubas, que é onde ten que ir o clarinete baixo. Ó principio gustábame o fagot, pero substituíron á muller que o tocaba.

DOUS.- E agora, ¿que sabes dela?

UN.- Nada. Tivo que marchar coa música a outra parte.

(As espirais son sempre círculos profundos pero sen fondo. É cedo, moi cedo)

DOUS.- Despois de miles de voltas por esa cidade vin parar á orixe da miña espiral. Quedo aquí, no centro, mentres me observo. ¡Mírate! Dígome. Mírome, ¿e que vexo? Un basureiro morto de fame con aspiracións de ser poeta. Cando estou só ou penso que non me estades vendo (*e sei que non o facedes*) comezo a apretar os dentes ata que a forza exercida me presiona as tempas e xusto ahí comezan as lembranzas. Todas esas rúas baleiras, a fame, a soedade. Centos de imaxes percorren a miña memoria para espertarme de súpeto no medio dunha mísera habitación de luces secas no centro do mundo, do resto da xente que non son eu. Estou no borde...*(A un)* Quero que me mates.

UN.- ¿E mo pides así?

DOUS.- Sen dubidalo.

UN.- Non podo facelo. Son un futuro suicida, non un asasino porvir.

DOUS.- Mañá penso renacer. Esta pel non me pertence, estas mans non son as miñas, os meus ollos nunca me viron de fronte. Quero saber se estou morto ou non estou morto. Quero saber qué tipo de realidade é esta. Estou farto de ir polas rúas, apodrecendo entre os mesmos gatos, arrimado ás paredes. As paredes das grandes cidades están cheas de graxa, de pintura, de insolidariedade. Estou farto de recoller lixo durante a noite e seguir vendo merda durante o día. Estou farto de ter os petos rotos, farto de ir arrastrándome polas paredes e de meter as mans nuns petos que non teño. Estou farto de que eses turistas queden ahí diante, comendo carne ó curry sen que sequera se fixen ma miña miseria. Necesito que me mates.

UN.- Non digas tonterías. Non estás tan mal. Tés un traballo, non tiveches que pasar fame. Non téis nin idea do que pode ser fracasar. O fracaso é perder miles de millóns da noite á mañá por confiar en persoas pouco axeitadas.

DOUS.- ¿Estasmo dicindo a min? ¿Estás dirixindo todas esas gilipolleces de capitalista frustrado cara min? Claro que sei qué é pasar fame. A fame é o meu maior temor. Cando estivemos en Bruxelas, antes de coñecernos naquela estación de metro, eu levaba máis dun mes recollendo restos de comida dos restaurantes daquela paralela á Grande Place, chupando pan duro e trabando os dedos. Pero a fame de verdade é moito peor que esa. É a fame de querer comerse o mundo e non ter por onde comezar. Crin que podería acostumar-me a esa rutina das noites, pero non quero volver baixar, estou canso de recoller a merda dos demais. Aquí estou eu, escoitándote a ti, soportándoa a ela, aguantándome a min mesmo.

UN.- Non podes matarte.

DOUS.- Estou falando da miña mortalidade.

OUTRA.- Díxenche centos de veces que odio que fales da mortalidade. A mortalidade é miña afirmación. ¿Por que queres facer que a miña existencia sexa un inferno aínda maior? (A un) ¡Ti! ¿Non te ías tirar un día destes? Pois que el se tire contigo. Suicidaranse dous paxaros dun tiro e ó fin acadarei a paz que tanto teño desexado. Eu estaba aquí sentada, meditando, en silencio, contemplando a todos eses turistas que fan a súa dixestión de carne ó curry. Estaba aquí calada, facendo os meus exercicios, pretendendo conseguir a eternidade. (A dous *despois de sacar un espello do bolso*) ¡Mírate! Ti non es iso. Ti es outro espellismo de cada día. ¿Queres morrer? Estupendo, pídeo. ¿Queres morrer? Matareite eu. Pechemos o círculo.

UN.- Non podo comprender cómo podedes vivir cunha existencia semellante. Estades rodeados de vicios que eu teño que sufrir. Estades empeñados en vivir os vosos días en bloques e rematamos bloqueados. Tedes o maldito vicio de redondear as cousas. Redondear e facer círculos. É canto pensades. Temos centos de portas abertas e empeñámonos en abrir a pechada. E despois non facemos máis que falar de obstáculos ou poñelos para poder seguir falando e queixándonos e non facer nada. É unha das cousas das que un non cansa nunca. Perdoade polo ataque directo, pero acentúaseme a agresividade nos meus ataques de superioridade.

OUTRA.- Sempre podemos probar a quedar un par de horas máis aquí, sentados nestas incómodas sillas pregables a ver qué pasa. (*Pausa*) (*A un*) Aínda teño o teu billete de tren para Bruxelas.

UN.- Queda con el.

DOUS.- É abondo.

OUTRA.- ¿Bruxelas?

DOUS.- Ter o destino escrito nun billete.

OUTRA.- Aínda teño que chegar a este destino.

UN.- Ahí está a posta de sol.

UN.- Non aguantarei moito tempo máis así. Terei que inventar algo, algunha excusa para facer algo. Non podo quedar aquí agardando, parado, ir de azotea en azotea, buscando restos de comida dos que non saben qué significa pasar fame. Non podo seguir sen reloxo, sen hora, sen tempo. Non quero que me siga sobrando tempo, cando en realidade sei que me falta.

DOUS.- ¿Non vas probar o de Bruxelas?

UN.- ¿Que demo perdín eu en Bruxelas?

DOUS.- Poderíamos probar sorte. Tratan ben ós artistas nas estacións de metro.

UN.- Tocar unha harmónica desafinada nos trens e fumar tabaco mollado, cobrar corenta céntimos por usar os lavabos, limparlle a mexada a un violinista aínda máis morto de fame ca ti ou agardar a que chegue unha oportunidade para que unha mala editorial che publique uns versos mediocres mentres eu fago encrucillados ó final da estación de metro...A todo iso eu non lle chamaría éxito precisamente.

DOUS.- Iso dilo ti, acostumado ós luxos de gran propietario azucreiro.

UN.- ¿Luxos dis? ¿Pero algunha vez presumín eu de luxos cando chegabas vomitando nese afán teu de convertirme nun arrastrado? ¿Algunha vez deixei de ensuciarme as mans por ti? ¿Fíxeno?

OUTRA.- Sempre me preguntei por qué non hai fiestras nas azoteas.

DOUS.- Tendais, roupas colgadas como moito.

OUTRA.- As fiestras sempre están ben. Sempre podes rematar o tempo morto apoiada nunha mentres ves cómo pasa a xente, mentres contemplas cómo miles de Edipos asasinan a seu pai, ou como centos de Ofelias afogan no mesmo río, ou como decenas de Medeas se exilian ó mesmo tempo.

DOUS.- Unha fiestra sempre abre a outra. Estás aquí, abres unha ventá e apareces na Plaza Budapest de París, en frente dun restaurante grego. Ou abres unha fiestra e apareces na Rue Gaité, no medio dunha sala de comedia italiana.

UN.- É absurdo.

OUTRA.- Vaia filosofía. A filosofía do teletransporte. Eu sempre remato facendo círculos nas paradas de autobús. Nelas eu sempre sei que espero. Tal vez espere a risa, tal vez a choiva, ou a néboa. Posiblemente a miña espera sexa a de Godot agardándose a sí mesmo. Para esperar están os aeroportos, as estacións, as salas de espera están para esperar. Pero non as azoteas. ¿Quen pensa nas azoteas? ¿Quen ve para arriba? Ós tolos coma nós, unicamente lles queda mirar para o chan, refregarse contra as esquinas ou mexar nelas.

UN.- ¿Iso vai por min?

OUTRA.- Claro que vai por ti. ¿Algún de nós mexa tamén polas esquinas, nas papeleiras?

UN.- Non sei por qué tés que falar así, como se foras deus.

OUTRA.- Eu son deus, dúas veces deus. O meu e o dos demais. ¿Por que temos que seguir as sendas abertas? Esas non son as nosas. Ti, el, eu temos que percorrer a propia, a elixida, a do perdedor. Observádevos, parecemos o absurdo dado volta, feito realidade dúas veces, aínda que o absurdo non teña nin pés nin cabeza.

DOUS.- ¿Non podemos deixar de falar?

OUTRA.- ¿E que xa tedes fame?

(Silencio)

UN.- Eu a miúdo soño cunha vida chea de cangrexos. Dende algunhas semanas penso en pratos e bandexas rebosantes de cangrexos, cangrexos de río e de mar, nécoras, centolas e bois fervidos e servidos sobre amplas mesas decoradas con mantéis dun delicado tono rosado e bordados en pastel. Soño cun corpo carcomido polos cangrexos; e ó redor lama, lama unicamente. Agora estou aquí de pé, observándovos como se nada sucedese no espacio ou no tempo. Dende esta postura, estiro os meus brazos lentamente e ó final das miñas extremidades vexo como se axitan dous cangrexos deformes, carentes de sentido. Intento amputalos, cortalos de raíz. Son un Ronquentin renovado que non atopa ningún coitelo que o libere destes cánceres. Levanto a vista e envolta nunha estridente melodía de clarinete baixo atopo a miña antiga casa. Entro e descubro ós meus fillos convertidos en cangrexos insignificantes que percorren o chan da cocíña fuxindo da súa nai, que os mete na pota a ferver. Bícoa e sentamos coma se nada, agardando pola comida. Ela abre o xornal, pola última páxina, coma sempre, e detense a ler o horóscopo: parece que vou ter certos problemas de saúde, pero se xogo ben as miñas cartas acadarei o liderato do meu grupo de traballo. ¡Fantástico! Esper-

to e estou nesta maldita azotea, liderando un grupo de azucreiras arruinadas e cun cancro percorrendo o meu corpo. Fantástico, joder. ¡Fantástico! Pero, ¿que vos pode interesar a vós? Unha mema subida a unha cadeira pregable cunha morea de citas de escritores enterrados e un poeta de merda.

(Silencio)

OUTRA.- Estou farta de agardar. Marcho.

DOUS.- Pode que mañá non se poña o sol.

OUTRA.- Non penso seguir agardando para velo.

(Quedan só. Un sobre a silla e Dous sentado)

UN.- Algún día heime tirar. *(Senta)* ¿Que tal estará a mousse de chocolate?

DOUS.- Non sei, supoño que será como o chocolate á taza.

UN.- Gústame o chocolate á taza. Se vou a Bruxelas, pode que pida mousse de chocolate para o postre.

DOUS.- Xa non podes ir a Bruxelas.

UN.- ¿Por qué?

DOUS.- Décheslle o billete a ela.

UN.- Sempre me arrepinto do que fago.

DOUS.- Sabes que non irías de todos modos.

(Silencio)

UN.- ¿Sabes? Gústame as fotos en branco e negro.

DOUS.- E os fumadores.

UN.- Gústame os fumadores que aparecen nas fotos en branco e negro. Dende sempre, creo que é cuestión familiar.

DOUS.- A min gústame subir aquí, acender un destes cigarros belgas e...

UN.- Deterte...

DOUS.- E determe a pensar. Aínda que esteamos metidos nun tempo no que ata soñar teña fins lucrativos.

UN.- Veño dunha familia de suxeitos canceríxenos por causa do tabaco. Agora teño unha azucreira. (Pausa) O meu bisavó morreu cun puro na boca; afogou de tanto rir mentres lle contaban unha historia estúpida. Lembro que pensei:

DOUS.- ¡Que historia tan estúpida!

UN.- Así que morreu estupidamente. (Pausa) As miñas avoas foron atropeladas por un fumador compulsivo nun ataque de ansiedade; as dúas a un tempo. E a meu pai tiveron que cortarlle o beizo superior e a lingua...

UN E DOUS.- Por cabrón.

DOUS.- Non o imaxino...Non poder falar, só oír.

UN.- Non foi para tanto. Ademais...non durou moito.(Pausa) E agora teño unha azucreira arruinada. Tiraríame, ¿sabes? Pero iso sería moi fácil.

DOUS.- É o que ten o suicidio.

(Silencio)

DOUS.- Creo que deberíamos deixar de ler a Sábado.

UN.- Ou de meternos en túneles.

DOUS.- Si.

(Entra outra)

OUTRA.- ¡Merda, merda, merda! ¡Cinco veces merda! Toma o maldito billete. Perdín o tren.

Fin do primeiro túnel

TEXTOS EDITADOS POLA R.G.T.

- Roberto Vidal Bolaño:** “*Exercicios para dibuxantes intrépidos*” (nº 8)
- Anónimo:** “*Dito da herbería de Ruteboeuf*”, Traducción Henrique Harguindey (nº 9)
- Dorotea Bárcena:** “*Mullieribus*” (nº 10)
- Rafael Dieste:** “*Revelación e Rebelión do Teatro. Misterio polemístico -sobre Gordon Craig- nunha xornada*” (nº 11)
- Jenaro Mariñas del Valle:** “*A gaiola*” (nº 12)
- Fernando Osorio do Campo:** “*Desourentación*” (nº 13)
- Vicente Montoto:** “*Ourense empalme*” (nº 14)
- Alfonso Armada:** “*Carriña xogando*” Traducción: Mª Lourdes Vega Alonso (nº 15)
- Juan Mayorga:** “*Lexión*”, Traducción: Xosé Manuel Pazos (nº 16)
- José Ramón Fernández:** “*Mariana*”, Traducción: Xosé Manuel Pazos (nº 16)
- Manuel Forcadela:** “*Santiago, Santiago*” (nº 17)
- Xosé Manuel Pazos:** “*María Soliña*”, “*Crónica de Pantagruel*” (nº 18)
- Bertolt Brecht:** “*Pequeno Organon*”, Traducción: María Vázquez (nº 19)
- Asja Srnec:** “*As vodas mortas*”, Versión ao galego: Pedro P. Riobó (nº 20)
- Itzar Pascual:** “*Holliday Aut. Postal de amor*”, Traducción: Xosé Manuel Pazos (nº 21)
- Raúl Dans:** “*Foreber*” (nº 22)
- Salvador del Rio, Pedro P. Riobó, Marcos Vieitez:** “*Belérian*” (nº 23)
- Yolanda Pallín:** “*Memoria*”, Traducción: Xosé Manuel Pazos (nº 24)
- Euloxio R. Ruibal:** “*Luscofusco*” Drama monofásico (nº 25)
- Elena Cánovas, Rubén Cobos, Juan Carlos Talavera:** “*A Balada do Cárcere de Circe*”, Traducción: Xosé Manuel Pazos (nº 26)
- Xesús Pisón:** “*Venus padre*”, “*Título*”, “*Animal vacío*”, “*Home e muller preñada*”, “*O gran soño*”, e “*Arañeira*” (nº 27)
- Jerónimo López Mozo:** “*Guernica*”, Traducción: D. Cortezón (nº 28)
- Luisa Villalta:** “*Os dóces anos da guerra*” (nº 29)
- Xosé Vázquez Pintor:** “*A sombra da memoria*” (nº 30)
- Iztíar Pascual:** “*As voces de Penélope*”, Traducción: Xosé Manuel Pazos Varela (nº 31)
- Iván Caloto:** “*¡Sssh!*” **Patricia Piñeiro:** “*Silencios de Guerra*” (nº 32)
- Roberto Vidal Bolaño:** “*Memoria de mortos e ausentes*” (nº 33-34). Ed.: Pedro P. Riobó
- Jacques Prévert:** “*Entradas e saídas*”, “*A familia todosaconchegados*”, Traducción: Henrique Harguindey (nº 35)
- Lino Braxe:** “*Campo Sur*” (nº 36)
- Ignacio García May:** “*Os vivos e os mortos*” (nº 37). Traducción: Xosé M. Pazos Varela
- Constantino Rábade:** “*Cibernautas*” (nº 38)
- Vanessa Martínez Sotelo:** “*Azotea*” (nº 39)